



DEPORTE escolas 2018-2019

DEPORTE escolas é un programa da Deputación de Pontevedra, en colaboración coas federacións deportivas, totalmente gratuito, que busca promover a actividade físico-deportiva entre as nenas e nenos en idade escolar a través da oferta de diferentes modalidades deportivas.

Modalidades

Patinaxe

Baloncesto

Nenas e nenos destinatarios

As escolas están destinadas a **nenas e nenos de 5 a 15 anos**, de toda a provincia de Pontevedra, excepto naquelas escolas nas que, polas características técnicas do deporte que se vai practicar, se modifique a idade das e dos participantes.

Nas escolas non se discriminará o alumnado por sexo, fomentando a igualdade.

Prazo de inscrición

O prazo de inscrición comezará o **luns 10** e rematará o **venres 28 de setembro**.

Pasos para formalizar a inscrición

1. Busca o concello e a modalidade de escola na que queres participar na web depo.gal
2. Cubre correctamente a solicitude de inscrición e entrégaa en calquera dos rexistros da Deputación, nas oficinas do ORAL, ou envíaa a deportescolas@depo.gal

Aquelas persoas que non sigan estas instrucións e non reciban a autorización desde o Servizo de Deportes da Deputación non poderán participar nas actividades.

As alumnas e alumnos que non asistan ás tres primeiras clases sen xustificar a súa ausencia serán dados de baixa e a súa praza pasará a ser ocupada polas seguintes persoas da lista de agarda.

Relación de persoas admitidas

A relación de persoas admitidas publicarase na web depo.gal a semana seguinte á finalización do prazo de inscrición.

Segundo prazo de inscrición

O segundo prazo de inscrición abrirase o 15 de outubro e non se pechará en todo o curso, sempre que queden prazas libres.

Comezo

As **DEPORTE escolas** comezarán a partir do **luns 8 de outubro**, no día e horario correspondente a cada escola.